

I. DISPOSICIÓN XERAIS**MINISTERIO DE TRABAJO E INMIGRACIÓN**

- 5128** *Real decreto 328/2009, do 13 de marzo, polo que se modifican o Regulamento xeral sobre inscrición de empresas e afiliación, altas, baixas e variacións de datos de traballadores na Seguranza Social, aprobado polo Real decreto 84/1996, do 26 de xaneiro; o Regulamento xeral sobre cotización e liquidación doutros dereitos da Seguranza Social, aprobado polo Real decreto 2064/1995, do 22 de decembro; e o Regulamento sobre colaboración das mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguranza Social, aprobado polo Real decreto 1993/1995, do 7 de decembro.*

A aprobación da actual tarifa de primas para a cotización á Seguranza Social por accidentes de traballo e enfermidades profesionais, levada a cabo pola disposición adicional cuarta da Lei 42/2006, do 28 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2007, e actualizada nas correspondentes leis de orzamentos xerais do Estado para os exercicios 2008 e 2009, fai necesario axustar a regulación contida nos correspondentes artigos do Regulamento xeral sobre inscrición de empresas e afiliación, altas, baixas e variacións de datos de traballadores na Seguranza Social, mediante os que se desenvolve regulamentariamente a atribución de competencias que a referida disposición adicional efectúa á Tesouraría Xeral da Seguranza Social para a determinación do tipo de cotización aplicable por continxencias profesionais, con independencia da entidade -xestora ou colaboradora- pola cal se optase para a súa cobertura.

Así mesmo, a citada disposición adicional fai necesaria a actualización das referencias contidas na regulación de determinados artigos e disposicións adicionais do Regulamento xeral sobre cotización e liquidación doutros dereitos da Seguranza Social, relativas á anterior tarifa de primas e ás súas epígrafes, substituíndoas por outras á tarifa actualmente vixente e aos seus tipos de cotización que en cada caso resulten aplicables.

Igualmente, resulta necesaria a adaptación da regulación contida ao respecto no Regulamento sobre colaboración das mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguranza Social, no relativo ao contido do documento de asociación coa mutua que protexa as continxencias profesionais, de acordo co establecido na mencionada disposición adicional cuarta da Lei 42/2006, do 28 de decembro, en canto á posible existencia e declaración de máis dunha actividade económica da empresa.

Por outra parte, cómpre actualizar as referencias que á normativa do imposto sobre a renda das persoas físicas en materia de percepcións económicas en especie e de gastos de locomoción e manutención se realizan en diversos puntos do artigo 23 do Regulamento xeral sobre cotización e liquidación doutros dereitos da Seguranza Social, efectuando a correspondente referencia á vixente Lei 35/2006, do 28 de novembro, e ao seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 439/2007, do 30 de marzo.

Este real decreto dítase ao abeiro do establecido no artigo 5 e na disposición derradeira sétima da Lei xeral da Seguranza Social, texto refundido aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Traballo e Inmigración, coa aprobación previa da ministra de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 13 de marzo de 2009,

DISPOÑO:

Artigo primeiro. *Modificación do Regulamento xeral sobre inscrición de empresas e afiliación, altas, baixas e variacións de datos de traballadores na Seguranza Social, aprobado polo Real decreto 84/1996, do 26 de xaneiro.*

O Regulamento xeral sobre inscrición de empresas e afiliación, altas, baixas e variacións de datos de traballadores na Seguranza Social, aprobado polo Real decreto 84/1996, do 26 de xaneiro, modifícase nos seguintes termos:

Un. O artigo 3 queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 3. *Funcións atribuídas á Tesouraría Xeral da Seguranza Social.*

1. Corresponden á Tesouraría Xeral da Seguranza Social as funcións de dirección, formulación de propostas ao Ministerio de Traballo e Inmigración e, en xeral, execución e control directos da xestión co fin da inscrición de empresas, apertura de contas de cotización, formalización da cobertura e tarificación respecto ás contingencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais, nos termos establecidos neste regulamento, así como a toma de razón da extinción das empresas e a instrumentación da afiliación, altas e baixas dos traballadores ou asimilados, variacións de datos dunhas e outros e asignación do número da Seguranza Social aos cidadáns.

O disposto no parágrafo anterior enténdese sen prexuízo da función inspectora da actuación das empresas e demais suxeitos responsables e dos traballadores e beneficiarios respecto das materias reguladas neste regulamento, que se exerce a través da Inspección de Traballo e Seguranza Social, a cal, ademais, emitirá os informes que, en relación coas funcións atribuídas á Tesouraría Xeral da Seguranza Social, lle sexan solicitados por esta.

2. A Tesouraría Xeral da Seguranza Social manterá a adecuada coordinación coas entidades xestoras da Seguranza Social e o Servizo Público de Emprego Estatal no exercicio das funcións que lle correspondan conforme o disposto neste regulamento e afecten a xestión ou funcións atribuídas ás devanditas entidades, sen prexuízo das relacións con outras administracións públicas e da coordinación de competencias entre os respectivos órganos administrativos nos termos establecidos nos artigos 4 e 18 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e demais disposicións de aplicación e desenvolvemento.»

Dous. O punto 3 do artigo 5 queda redactado da seguinte maneira:

«3. Os empresarios deberán comunicar tamén á Tesouraría Xeral da Seguranza Social a realización de actividades económicas distintas das declaradas ao solicitar a inscrición inicial, sempre que impliquen a produción de bens ou servizos que non se integren no proceso produtivo da actividade económica principal; os datos dos traballadores da empresa que presenten especialidades en materia de cotización; as variacións que se produzan nos datos facilitados con anterioridade e calquera outra circunstancia que, para estes efectos, determine o Ministerio de Traballo e Inmigración.»

Tres. O ordinal 2.º do punto 1 do artigo 11 queda redactado da seguinte maneira:

«2.º Os datos relativos á denominación, domicilio e actividade económica principal da empresa así como, de ser o caso, a outras actividades concorrentes con ela que impliquen a produción de bens e servizos que non se integren no proceso produtivo da principal, e se precisa ou non que se lle asignen diversos códigos de conta de cotización. Tamén indicará cantos outros datos resulten necesarios para a xestión do sistema da Seguranza Social.»

Catro. O ordinal 3.º do punto 2 do artigo 11 queda redactado da seguinte maneira:

«3.º En todo caso, na propia solicitude de inscrición ou en declaracións anexas a ela, o empresario fará constar a entidade xestora e/ou a entidade ou entidades colaboradoras polas cales opta para a cobertura das continxencias profesionais ou da prestación económica por incapacidade temporal derivada de continxencias comúns.»

Cinco. O punto 3 do artigo 14 queda redactado da seguinte maneira:

«3. Para a tarificación e formalización do documento de asociación ou de cobertura realizaranse as actuacións seguintes:

1.^a En función da actividade ou actividades económicas declaradas polo empresario, a dirección provincial da Tesouraría Xeral da Seguranza Social ou a Administración da Seguranza Social competente practicará a tarificación que corresponda, asignándolle os tipos de cotización que resulten aplicables da tarifa de primas vixente para a cotización á Seguranza Social por accidentes de traballo e enfermidades profesionais, conforme as regras establecidas ao respecto no punto dous da disposición adicional cuarta da Lei 42/2006, do 28 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2007.

A tarificación realizada comunicaráse ao empresario de forma simultánea á da súa inscrición no respectivo réxime da Seguranza Social, advertíndoo do dereito que o asiste para formular fronte a ela as impugnacións que procedan.

No caso de que a opción ou opcións para a formalización da protección fronte aos riscos profesionais e, de ser o caso, para a cobertura da prestación económica por incapacidade temporal derivada de continxencias comúns se realizasen a favor dunha entidade xestora da Seguranza Social, a tarificación consignarase no documento de cobertura correspondente, que a Tesouraría Xeral da Seguranza Social remitirá ao empresario debidamente cuberto.

2.^a Se a opción ou opcións do empresario o fosen a favor dunha ou varias mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguranza Social, a Tesouraría Xeral da Seguranza Social remitirá á mutua ou mutuas interesadas, mediante os procedementos informáticos que determine o citado servizo común, información sobre a inscrición e tarificación practicadas ao empresario.

Unha vez cubertos pola mutua, esta remitiralle ao empresario un exemplar do documento de asociación e, se é o caso, do documento de cobertura anexo, dentro dos 15 días seguintes ao da súa recepción e con indicación do correspondente código de conta de cotización.»

Seis. O punto 2 do artigo 30 queda redactado da seguinte maneira:

«2. A solicitude de alta conterá os datos relativos ao exercicio da súa actividade que lles faciliten unha información completa ás entidades xestoras e á Tesouraría Xeral da Seguranza Social e, en especial, os seguintes:

1.º Nos documentos para a alta dos traballadores por conta allea figurarán, respecto do empresario, o seu nome ou razón social, código de conta de cotización e réxime de Seguranza Social aplicable, e respecto do traballador, o seu nome e apelidos, o seu número da Seguranza Social e, mentres este non fose exible, o seu número de afiliación á Seguranza Social, así como o do documento nacional de identidade ou equivalente, domicilio, data de iniciación da actividade, grupo de cotización, condicións especiais desta e, para os efectos da correspondente a accidentes de traballo e enfermidades profesionais, a actividade económica ou ocupación desempeñada, conforme a tarifa de primas vixente.

2.º O documento para a alta dos traballadores por conta propia, ademais dos datos indicados no punto anterior relativos ao traballador por conta allea, conterá os referidos á súa actividade económica ou ocupación, sede desta, se fose distinta ao domicilio do titular, réxime de Seguranza Social en que se solicita a inclusión e, de

ser o caso, os relativos ás peculiaridades en materia de cotización e acción protectora.»

Sete. O ordinal 2.º do punto 1 do artigo 58 queda redactado da seguinte maneira:

«2.º Se a orixe ou causa da tarificación indebida fose imputable a erro da Tesouraría Xeral da Seguranza Social ou, en xeral, á Administración, sen que esta actúe en calidade de empresario, non se aplicará recarga ningunha á diferenza ou, de ser o caso, devolverase o exceso, independentemente da obriga de lles resarcir aos interesados os prexuízos que se lles ocasionase.»

Artigo segundo. *Modificación do Regulamento xeral sobre cotización e liquidación doutros dereitos da Seguranza Social, aprobado polo Real decreto 2064/1995, do 22 de decembro.*

O Regulamento xeral sobre cotización e liquidación doutros dereitos da Seguranza Social, aprobado polo Real decreto 2064/1995, do 22 de decembro, modifícase nos seguintes termos:

Un. O artigo 11 queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 11. *Tipos de cotización por accidentes de traballo e enfermidades profesionais.*

1. A cotización por accidentes de traballo e enfermidades profesionais por parte dos empresarios e dos traballadores por conta propia, nos termos establecidos neste regulamento, efectuarase mediante a aplicación dos tipos de cotización que correspondan ás actividades económicas de empresas e traballadores e ás ocupacións ou situacións destes últimos, conforme a tarifa de primas vixente.

2. As primas adicionais á cotización de accidentes de traballo que o Goberno poida establecer para as empresas que ofrezan riscos de enfermidades profesionais poderanse diversificar, nos termos e condicións fixados polo Ministerio de Traballo e Inmigración, en función da perigosidade da industria ou clase de traballo e da eficacia dos medios de prevención aplicados, sen que a devandita diversificación poida supor a exoneración dunhas empresas e a asunción por outras do importe total das devanditas primas adicionais.

3. A contía das cotas por accidentes de traballo e enfermidades profesionais resultante da aplicación da tarifa de primas vixente e, de ser o caso, das primas adicionais a que se refiren os puntos anteriores, poderase reducir no suposto de empresas que se distinguan no emprego de medios eficaces de prevención. Así mesmo, a devandita contía poderase aumentar para as empresas que incumpran as súas obrigas en materia de seguranza e saúde laboral, nos supostos e condicións que determine o Ministerio de Traballo e Inmigración.

A redución e o aumento previstos neste punto non poderá exceder o 10 por 100 da contía das respectivas cotas, ben que o aumento poderá chegar ata un 20 por 100 en caso de reiterado incumprimento das aludidas obrigas.»

Dous. As alíneas b) e c) do punto 1.B) do artigo 23 quedan redactadas da seguinte maneira:

«b) Non terán a consideración de percepcións económicas en especie os bens, dereitos ou servizos especificados no artigo 42.2 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non-residentes e sobre o patrimonio, así como nos artigos 43, 44, 45 e 46 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 439/2007, do 30 de marzo, nos termos e condicións establecidos nos ditos preceptos.

c) As percepcións en especie, para os efectos de cotización, valoraranse na forma establecida para cada unha delas no artigo 43 da Lei 35/2006, do 28 de

novembro, e nos artigos 47 e 48 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas.»

Tres. As alíneas a) e b) do punto 2.A) do artigo 23 quedan redactadas da seguinte maneira:

«a) Para os efectos da súa exclusión na base de cotización á Seguranza Social, unicamente terán a consideración de axudas de custo e asignacións para gastos de viaxe as cantidades destinadas polo empresario a compensar os gastos normais de manutención e estadía en restaurantes, hoteis e demais establecementos de hostalaría, percibidas por gastos en municipio distinto do lugar do traballo habitual do traballador e do que constituía a súa residencia.

Estes gastos de manutención e estadía non se computarán na base de cotización cando estean exceptuados de gravame conforme os puntos 3, 4, 5 e 6 do artigo 9.A) do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas.

O exceso sobre os límites sinalados nos puntos citados computarase na base de cotización á Seguranza Social.

Tampouco se computarán na base de cotización os gastos de manutención, aboados ou compensados polas empresas a traballadores a elas vinculados por relacións laborais especiais, por desprazamentos fóra da fábrica, taller, oficina ou centro habitual de traballo, para realizalo en lugar distinto deste ou en diferente municipio, tanto se o empresario os satisfai directamente coma se resarce deles o traballador, cos límites establecidos no artigo 9.B) do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas.

O exceso sobre os límites sinalados no citado artigo 9.B) computarase na base de cotización á Seguranza Social.

b) Para os mesmos efectos da súa exclusión na base de cotización á Seguranza Social, considéranse gastos de locomoción as cantidades destinadas polo empresario a compensar os gastos do traballador polos seus desprazamentos fóra da fábrica, taller, oficina ou centro habitual de traballo, para realizalo en lugar distinto deste ou en diferente municipio.

Os gastos de locomoción, tanto se o empresario os satisfai directamente coma se resarce deles o traballador, estarán excluídos da base de cotización nos supostos e co alcance establecido nas epígrafes A).2, 4, 5 e 6 e B) do artigo 9 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas.

O exceso sobre as cantidades sinaladas nas citadas epígrafes incluírase na base de cotización á Seguranza Social.»

Catro. A alínea b) do punto 2.F) do artigo 23 queda redactada da seguinte maneira:

«b) Nas asignacións asistenciais a que se refire este punto consideraranse incluídas as seguintes:

1.º A entrega aos traballadores en activo, de forma gratuíta ou por prezo inferior ao normal de mercado, de accións ou participacións da propia empresa ou doutras empresas do grupo de sociedades, na parte que non exceda, para o conxunto das entregadas a cada traballador, os 12.000 euros anuais e nas demais condicións establecidas no artigo 43 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas.

2.º As cantidades destinadas a satisfacer gastos de estudos do traballador ou asimilado dispostos por institucións, empresarios ou empregadores e financiados directamente por eles para a actualización, capacitación ou reciclaxe do seu persoal, cando veñan exixidos polo desenvolvemento das súas actividades ou as características dos postos de traballo, mesmo cando a súa prestación efectiva a efectúen outras persoas ou entidades especializadas.

Cando estes gastos non veñan exixidos polo desenvolvemento daquelas actividades ou características e sexan debidos por norma, convenio colectivo ou contrato de traballo, sempre que se xustifique a súa realización e contía serán

considerados retribucións en especie nos termos establecidos no punto 1.B) deste artigo.

En ambos os dous supostos, os gastos de manutención e estadía así como de locomoción rexeranse polo previsto nas alíneas a) e b) do punto 2.A) deste artigo.

3.º As entregas de produtos a prezos rebaxados que se realicen en cantinas ou comedores de empresa ou economatos de carácter social, tendo esta consideración as fórmulas directas ou indirectas de prestación do servizo, admitidas pola lexislación laboral, nas cales concorran os requisitos establecidos no artigo 45 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas.

Non obstante, se por convenio colectivo resultar posible a substitución do servizo de comedor por entrega en diñeiro, esta unicamente formará parte da base de cotización no exceso resultante da aplicación das regras contidas nos puntos 1 e 2.1.º do dito artigo.

4.º A utilización dos bens destinados aos servizos sociais e culturais do persoal empregado, tendo esta consideración, entre outros, os espazos e locais, debidamente homologados pola Administración pública competente, destinados polos empresarios ou empregadores a prestar o servizo de primeiro ciclo de educación infantil aos fillos dos seus traballadores, así como a contratación do dito servizo con terceiros debidamente autorizados.

5.º As primas ou cotas satisfeitas polo empresario en virtude de contrato de seguro de accidente laboral, enfermidade profesional ou de responsabilidade civil do traballador, así como as primas ou cotas satisfeitas por aquel a entidades aseguradoras para a cobertura de enfermidade común do traballador e, para este último caso, nos termos e cos límites establecidos nos artigos 42.2.f) da Lei 35/2006, do 28 de novembro, e 46 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas.

6.º A prestación do servizo de educación preescolar, infantil, primaria, secundaria obrigatoria, bacharelato e formación profesional por centros educativos autorizados, aos fillos dos seus empregados, con carácter gratuíto ou por prezo inferior ao normal de mercado.

7.º Aqueloutras asignacións que expresamente se establezan por lei ou en execución dela.

As asignacións a que se refiren os puntos anteriores, que reúnan os requisitos e ata as contías que neles se indican, non terán a consideración de percepcións en especie para os efectos do disposto no punto 2.D) deste artigo. O exceso sobre as ditas contías será obxecto de inclusión na base de cotización.»

Cinco. O punto 3 do artigo 30 queda redactado da seguinte maneira:

«3. Para as contingencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais e demais conceptos de recadación conxunta, as bases de cotización estarán suxeitas aos topes absolutos máximo e mínimo a que se refiren os puntos 1 e 2 do artigo 9.

A cotización polas contingencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais efectuarase aplicando o tipo de cotización que corresponda da tarifa de primas vixente.»

Seis. Os puntos 4 do artigo 31; 6 do artigo 32; 6 do artigo 33 e 3 do artigo 34 quedan redactados da seguinte maneira:

«A cotización polas contingencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais efectuarase aplicando o tipo de cotización que corresponda da tarifa de primas vixente.»

Sete. O punto 3 do artigo 41 queda redactado da seguinte maneira:

«3. Os tipos de cotización que, aplicados sobre as bases de cotización, determinarán as correspondentes cotas, serán os establecidos na tarifa de primas

vixente, segundo a actividade económica da empresa ou a ocupación e situación dos traballadores.»

Oito. A disposición adicional primeira queda redactada da seguinte maneira:

«Disposición adicional primeira. *Tarifa de primas para a cotización por accidentes de traballo e enfermidades profesionais.*

A tarifa de primas para a cotización á Seguranza Social por accidentes de traballo e enfermidades profesionais, a que se refire este regulamento, será aprobada pola disposición adicional cuarta da Lei 42/2006, do 28 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2007, e aplicarase conforme as regras e demais instrucións nela establecidas.»

Nove. O punto 3 da disposición adicional quinta queda redactado da seguinte maneira:

«3. Para a determinación da cota, á base así calculada aplicarase o tipo de cotización que corresponda da tarifa de primas vixente.»

Artigo terceiro. *Modificación do Regulamento sobre colaboración das mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguranza Social, aprobado polo Real decreto 1993/1995, do 7 de decembro.*

O punto 3 do artigo 62 do Regulamento sobre colaboración das mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguranza Social, aprobado polo Real decreto 1993/1995, do 7 de decembro, modifícase nos seguintes termos:

«3. O convenio farase constar nun documento, que se denominará documento de asociación e que expresará, necesariamente, o nome e apelidos do empresario individual e a denominación ou razón social, de se tratar dunha persoa xurídica, así como o domicilio, o código ou códigos de conta de cotización asignados e a actividade ou actividades económicas da empresa; o documento de asociación sinalará, así mesmo, a data e a hora en que comecen e rematen os seus efectos.»

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste real decreto e, expresamente, a disposición derradeira terceira do Regulamento sobre colaboración das mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguranza Social, aprobado polo Real decreto 1993/1995, do 7 de decembro.

Disposición derradeira primeira. *Reglas de supletoriedade.*

O disposto nos artigos 60 e 61 do Regulamento xeral sobre inscrición de empresas e afiliación, altas, baixas e variacións de datos de traballadores na Seguranza Social, aprobado polo Real decreto 84/1996, do 26 de xaneiro, será de aplicación supletoria aos réximes especiais da Seguranza Social dos funcionarios civís do Estado, das forzas armadas, e do persoal ao servizo da Administración de xustiza no que non se opoña á súa normativa específica.

Disposición derradeira segunda. *Título competencial habilitante.*

Este real decreto dítase ao abeiro do título competencial previsto no artigo 149.1.17.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de réxime económico da Seguranza Social.

Disposición derradeira terceira. *Habilitación normativa.*

Facúltase o ministro de Traballo e Inmigración para ditar cantas disposicións de carácter xeral resulten necesarias para a aplicación e desenvolvemento do establecido neste real decreto.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 13 de marzo de 2009.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Traballo e Inmigración,
CELESTINO CORBACHO CHAVES